10. Ser consciente da súa pertenza certos grupos sociais (familia, colexio e outros grupos de iguais) con características e trazos propios.
11. Identificar feitos relevantes da vida familiar ou do ámbito máis próximo.
12. Identificar as características doutros grupos sociais e mostrar respecto por eles.
13. Ordenar cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utilizar para iso as unidades de tempo básicas: día, mes e datas significativas.
14. Coñecer e identificar as unidades de tempo básicas.
15. Utilizar o calendario e situar os meses, os días ou as datas significativas.
16. Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e observar as manifestacións máis palpables destes cambios.
17. Participar en actividades grupais, respectando as normas establecidas, a quenda de palabra, poñendo atención nas intervencións, achegando ideas e tendo consideración polas decisións e os acordos tomados.
18. Identificar diferentes elementos viarios que debe recoñecer un peón en situacións cotiás.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

(Indicación dos mínimos para avaliación positiva e % na cualificación)

- **Competencia social e cívica**
 - Interpreta o mundo físico a través de conceptos aprendidos.
 - Mostra actitudes de respecto cara os demais e cara a un mesmo.
 - Interpreta un plano sinxelo dunha casa.
 - Contribúe a conservar un contorno físico agradable e saudable.
 - Realiza observacións.
 - Obtén e interpreta información acerca do medio físico que os rodea.
 - Valora a importancia de conservar o ambiente e ter un consumo de auga racional e responsable.
 - Adopta unha disposición para unha vida saudable e valora a conservación do hábitat animal e vexetal.
 - Coñece sentimentos e emocións en relación cos demais. Acepta normas de convivencia.
 - Utiliza a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
 - Comprende a realidade social na que vive.
 - Desenvolve uns hábitos de comportamento responsable e actitudes de diálogo e resolución de conflitos.
 - Coñece as obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio.
 - Aprecia e desenvolve a creatividade a través de diferentes medios expresivos.

- **Competencia matemática**
 - Utiliza táboas de dobre entrada para traballar conceptos aprendidos.
 - Emprega o cálculo para resolver enigmas ou problemas.
 - Interpreta e expresa informacións con números.
 - Pon en práctica procesos de razoamento

- **Tratamento da información e competencia dixital**
 - Iníciase no uso do ordenador.

- **Competencia para aprender a aprender**
 - Verbaliza o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar que e como aprender.

- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**
 - Adquire e interioriza bos hábitos. Elixo con criterio propio. Expresa gustos e preferencias
 - Desenvolve HHSS como respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo.
 - Desenvolve unha actitude crítica ante os anuncios publicitarios da TV e o tempo adicado a ela.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

- Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.
- Revisión dos cadernos, fichas, traballos...
- Probas de avaliación orais e/ou escritas.
- Rúbricas e dianas de avaliación.
-

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Velocidade e comprensión lectora (10%)
- Expresión oral e escrita (20%)
- Participación activa en proxectos e obradoiros realizados (10%)
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude colaboradora e coidado do material (10%)
- Traballo de aula (30%)
- Probas de avaliación (20%)

No caso de non realizarse probas de avaliación, o 20% correspondente ás mesmas engadirase ao 40% de traballo de aula, pasando a ser o total deste un 60%.

TEMPORALIZACIÓN

1: do 9 de setembro ao 29 de outubro.

2: do 1 de novembro ao 21 de decembro.

3: do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro.

4: do 14 de febreiro ao 25 de marzo.

5: do 28 de marzo ao 29 de abril.

6: do 2 de maio ao 21 de xuño.

UNIDADE 1

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Identificar os espazos e o mobiliario do colexio.
- Coñecer as tarefas básicas das persoas que traballan nos centros educativos.
- Coñecer as principais normas de convivencia nos contextos familiar e escolar.
- Utilizar a linguaxe como forma de comunicación habitual para expresar sentimentos, desexos e ideas.
- Identificar e describir oralmente as dependencias da casa e explicar o uso de cada unha delas.
- Distinguir diferentes tipos de vivendas e indicar as características máis relevantes de cada unha delas.
- Identificar as principais relacións de parentesco.
- Valorar a pertenza a grupos de iguais e a amizade.

2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Bloque 1: CONTIDOS COMÚNS</p> <p>B1.5. O traballo en equipo.</p> <p>B1.8. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>Traballar en equipo e mostrar un comportamento de respecto e tolerancia cara ás contribucións alleas</p>	<p>Participa en actividades individuais e de grupo mostrando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p>
<p>Bloque 3: VIVIR EN SOCIEDADE</p> <p>B3.1. Investigamos sobre as relacións de parentesco e os roles familiares.</p> <p>B3.2. A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</p> <p>B3.3. Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea da clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>B3.4. A casa e o lugar no que vivo. Partes da casa e localización no ámbito: aldea, vila, cidade. Elaboración dun esbozo da distribución da casa.</p>	<p>Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando a pertenza a unha familia con características propias, así como contribuíndo á repartición equitativa das tarefas domésticas entre os seus membros.</p>	<p>Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe á repartición equitativa das tarefas domésticas entre os membros da familia.</p>
	<p>Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.</p>	<p>Identifica os membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e respéctaa.</p>

	Recoñecer a pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia.	Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.
	Identificar as partes da casa e o uso que se fai delas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman o seu ámbito.	Identifica as partes da casa, represéntaas nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas. Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.
	Coñecer as características básicas do ámbito próximo e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.

3.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Utilizar o vocabulario sobre as distintas dependencias do colexio.	Aprende e emprega o vocabulario estudado na unidade.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar os recursos dixitais asociados á unidade.	Comprende, utiliza e aproveita os recursos dixitais asociados a unidade.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Utilizar a observación, a manipulación e a exploración para acadar as aprendizaxes.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Adquirir hábitos de traballo.	Realiza as actividades do libro e as que lle indica o profesor de forma habitual.
	Participar nas dinámicas e xogos de grupo.	Aprende a cantiga do xogo de roda e cántaa cos compañeiros.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aceptar e practicar normas básicas de conduta.	Aprende as normas básicas de conduta na clase.
	Respectar as opinións alleas.	Escoita as opinións dos demais.

	Respectar as quendas de palabra.	Respecta a quenda de palabra, nunha fila, etc.
	<i>Educación en valores:</i> Responsabilidade, respecto e paciencia.	Coida a presentación as tarefas e o material propio, o dos demais e o da clase. Escoita con atención cando lle falan e esforzase por aprender.

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Avaliación e traballo coas destrezas adquiridas no ciclo anterior: riscar, repasar, colorear, unir, escribir en pauta, copiar..

5.- RECURSOS.

Cadernos complementarios.

Libros de texto.

Fichas.

Cadernos.

Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica.

Calquera outro recurso ou material que cada titora considere axeitado en cada unidade.

A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados si a titora o considera oportuno e relevante.

- <http://anayadigital.es>

UNIDADE 2

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Recoñecer e describir algunhas profesións propias da localidade.
- Identificar e nomear os diferentes elementos que compoñen a rúa.
- Realizar traxectos sinxelos nun plano.
- Recoñecer e describir profesións do ámbito próximo que coidan e protexen as rúas.
- Coñecer as normas e respectar os principios básicos de convivencia na rúa.
- Manifestar autonomía, creatividade e iniciativa nas actividades individuais e de grupo e na execución de tarefas sinxelas.
- Coñecer e explicar as diferenzas máis comúns entre as aldeas, as vilas e as cidades.
- Describir, de forma sinxela, algunhas características da súa localidade e do seu barrio.
- Identificar e clasificar os medios de transporte atendendo a diferentes características.

2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Bloque 1: CONTIDOS COMÚNS B1.2. Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, dun acontecemento ou dunha inquietude do ámbito que os rodea, que supoña un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e facilite o proceso de autorregulación de aprendizaxes. B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de conseguir obxectivos B1.9. Utilización da terminoloxía propia da área.	Realizar traballos sobre os contidos propios do área	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas cuidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
	Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Identifica a terminoloxía propia da área.
Bloque 3: VIVIR EN SOCIEDADE B3.5. Os medios de transporte. Clasificación e abastecemento. B3.6. Educación viaria. Camiñando pola rúa.	Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e clasificalos segundo a súa función e o seu uso.	Clasifica os diferentes medios de transporte do ámbito segundo os seus usos, as súas funcións e as súas características.
	Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deberá recoñecer un peón.	Coñece os sinais de tráfico necesarios para camiñar pola rúa correctamente: cores.

3.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<i>Comunicación lingüística.</i>	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...	Entende as ordes, explicacións, indicacións, ...
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar os recursos dixitais asociados á unidade.	Comprende, utiliza e aproveita os recursos dixitais asociados a unidade.
	Comprender mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta con corrección o apoio visual para a realización da actividade.

<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos que deber realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos para resolver as actividades.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia visual-espacial.	Localiza elementos visuales significativos.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Ser constante no traballo e superar dificultades.	Identifica os erros nas súas tarefas.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Goza coa realización de actividades en grupo.
	<i>Educación en valores:</i> A gratitude.	Aprecia a axuda dos compañeiros e profesores, e a da súa familia. Exprésao con palabras, xestos e accións.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Aprender e recoñecer cantigas e xogos propias do patrimonio popular galego.	Descubre e xoga coas cancións populares, especialmente co canto de labor desta unidade. Aprende algún retrouso ou enleado que lle permita aumentar a súa bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral da lingua galega

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.

5.- RECURSOS.

Cadernos complementarios.

Libros de texto.

Fichas.

Cadernos.

Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica.

Calquera outro recurso ou material que cada titora considere axeitado en cada unidade.

A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados si a titora o considera oportuno e relevante.

- <http://anayadigital.es>
- <http://roble.pntic.mec.es>

UNIDADE 3

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Recoñecer a importancia da auga para a vida.
- Distinguir diferentes usos da auga.
- Identificar lugares nos que podemos encontrar auga doce e salgada.
- Diferenciar as principais características da auga potable.
- Fomentar o aforro de auga e o seu uso responsable.
- Coñecer os estados da auga.
- Identificar as principais características do aire e investigar e experimentar que o aire non ten forma.
- Comprender a importancia do aire para a vida e explicar por que debemos coidar a atmosfera e as consecuencias de non o facer.
- Recoñecer e explicar os fenómenos atmosféricos máis comúns, os símbolos cos que se representan e distinguir algúns aparatos de medida, como o termómetro e o viraventos.
- Expoñer clara e ordenadamente os contidos relacionados coa área.
- Utilizar correctamente os materiais e presentar os traballos de forma ordenada e limpa.

2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Bloque 1. CONTIDOS COMÚNS B1.5. O traballo en equipo B1.9. Utilización da terminoloxía propia da área.	Traballar en equipo e mostrar un comportamento de respecto e tolerancia cara ás contribucións alleas.	Participa en actividades individuais e de grupo mostrando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
	Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Identifica a terminoloxía propia da área.
Bloque 2. O MUNDO EN QUE VIVIMOS	Recoñecer as	Describe as características

<p>B2.2. O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, a experimentación a través dos sentidos e a proposta de conxecturas. A importancia para a vida e o consumos responsables. (a auga).</p> <p>B2.3. O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación e observación do tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital...</p> <p>B2.5. Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea. Elementos naturais e humanos do ámbito. A importancia do coidado da natureza.</p>	<p>características básicas do aire e da auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.</p>	<p>principais do aire e da auga.</p>
	<p>Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten no seu ámbito máis próximo.</p>	<p>Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten no seu ámbito máis próximo.</p>
	<p>Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia no seu ámbito identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p>	<p>Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p>
	<p>Valorar a importancia que ten para a vida dos ser vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.</p>	<p>Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.</p>

3.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Le comprensivamente palabras, oracións e textos sinxelos coas letras presentadas.

	<i>Plan lector.</i> Gozar coa lectura.	Comprende os textos de lectura da unidade.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para buscar información.	Emprega os medios tecnolóxicos para buscar información .
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver estratexias que lle axuden a comprender os contidos.	Emprega a observación e exploración para acadar as aprendizaxes.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia visual-espacial.	Localiza elementos visualis significativos.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover novas accións.	Planifica tarefas de forma autónoma.
	Participar nas dinámicas e xogos de grupo.	Aprende a canción do Samaín, <i>Os esqueletos</i> , e outros xogos tradicionais e practícaos cos compañeiros.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo.	Desenvolve habilidades sociais como o diálogo, a tolerancia, o respecto cara ás opinións dos demais.
	<i>Educación en valores:</i> A empatía.	Sabe poñerse no lugar doutros compañeiros e reconece os sentimentos dos demais.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Aprender e reconecer cancións para celebracións e xogos propios do patrimonio popular galego.	Descubre e xoga coas cancións de celebracións como a canción do Samaín.

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.

5.- RECURSOS.

Cadernos complementarios.

Libros de texto.

Fichas.

Cadernos.

Recursos fotocopiables da proposta didáctica.

Calquera outro recurso ou material que cada titora considere axeitado en cada unidade.

A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados si a titora o considera oportuno e relevante.

- <http://anayadigital.es>
- <http://roble.pntic.mec.es>
- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

UNIDADE 4

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer os elementos e as formas máis importantes das paisaxes de interior e de costa.
- Identificar paisaxes naturais e humanas.
- Concienciarnos sobre a conservación e o coidado das paisaxes.
- Identificar lugares nos que podemos encontrar recursos na paisaxe auga doce e salgada.
- Coñecer os cambios producidos artificialmente nas paisaxes.
- Expoñer clara e ordenadamente os contidos relacionados coa área.
- Utilizar correctamente os materiais e presentar os traballos de forma ordenada e limpa.

2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Bloque 1. CONTIDOS COMÚNS B1.5. O traballo en equipo B1.9. Utilización da terminoloxía propia da área.	Traballar en equipo e mostrar un comportamento de respecto e tolerancia cara ás contribucións alleas. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Participa en actividades individuais e de grupo mostrando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. Identifica a terminoloxía propia da área.
Bloque 2. O MUNDO EN QUE VIVIMOS B2.2. O aire e a auga. Estudo das súas características e propiedades mediante a observación, a experimentación a través dos sentidos e a proposta de conxecturas. A importancia para a vida e o consumos	Recoñecer as características básicas do aire e da auga observadas e experimentadas a	Describe as características principais do aire e da auga.

<p>responsables. (a auga).</p> <p>B2.3. O tempo atmosférico. Observación e medicións sinxelas dos fenómenos atmosféricos que teñen lugar no espazo próximo e a súa simboloxía. Comprobación e observación do tempo nos diferentes medios de comunicación: prensa, prensa dixital...</p> <p>B2.5. Observación, a través dos sentidos, da paisaxe que nos rodea. Elementos naturais e humanos do ámbito. A importancia do coidado da natureza.</p>	través dos sentidos.	
	Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten no seu ámbito máis próximo.	Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten no seu ámbito máis próximo.
	Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes no ámbito próximo poñendo exemplos.	Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas do ámbito próximo.
	Cofecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia no seu ámbito identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.
	Valorar a importancia que ten para a vida dos ser vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.

3.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende frases e textos breves.

	<i>Plan lector.</i> Gozar coa lectura.	Comprende os textos de lectura da unidade.
<i>Competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.	Emprega os medios tecnolóxicos para buscar información.
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver estratexias que lle axuden a comprender os contidos.	Formula interrogantes para mellorar a aprendizaxe dos contidos da unidade.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Intelixencia interpersonal.	Analiza e comenta as actitudes dos personaxes.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra perseverancia nas tarefas de reforzo
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.	Coñece o valor de respectar os bens comúns, como o mobiliario urbano, e aplícao tamén ao contexto escolar.
	<i>Educación en valores:</i> A gratitude.	Aprecia a axuda dos demais en todos os ámbitos (familia, colexio, amigos...), e agradece con bos xestos, accións e palabras.

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.

5.- RECURSOS.

Cadernos complementarios.

Libros de texto.

Fichas.

Cadernos.

Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica.

Calquera outro recurso ou material que cada titora considere axeitado en cada unidade.

A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados si a titora o considera oportuno e relevante.

- <http://anayadigital.es>
- <http://roble.pntic.mec.es>
- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

UNIDADE 5

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer e describir algunhas características básicas do Sol, da Terra, da Lúa e das estrelas.
- Explicar, de forma sinxela, por que hai día e noite.
- Interpretar e utilizar diferentes tipoloxías textuais.
- Elaborar proxectos sinxelos de forma guiada.

2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<p>Bloque 1: CONTIDOS COMÚNS</p> <p>B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de conseguir obxectivos</p> <p>B1.9. Utilización da terminoloxía propia da área.</p>	<p>Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.</p>	<p>Identifica a terminoloxía propia da área.</p>
<p>Bloque 2: O MUNDO EN QUE VIVIMOS</p> <p>B2.1. O ámbito físico: observacións das características principais.</p> <p>B2.4. Os elementos do ceo, as súas características e o seu movemento como indicador do paso do tempo. Experimentación do paso do tempo observando o movemento do Sol e da Lúa e asocialo ás diferentes partes do día e á noite.</p>	<p>Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia no seu ámbito identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p>	<p>Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.</p>
	<p>Identificar os elementos que aparecen no ceo e coñecer a importancia que o Sol ten para a vida.</p>	<p>Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.</p>
	<p>Coñecer a importancia que o movemento dos elementos do ceo ten como indicador do paso do tempo: o día, a noite e as partes do día.</p>	<p>Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.</p>

3.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Respecta as normas básicas de comunicación nas diversas situacións que se crean na aula.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Manexar a linguaxe matemática con precisión.	Sabe expresar con claridade e precisión datos e informacións.
<i>Aprender a aprender.</i>	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Esfórzase e persevera na aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades e interese.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os erros na tarefa e esfórzase por superar as dificultades.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Respecta as opinións alleas.
	<i>Educación en valores: A solidariedade.</i>	Expresa con palabras e accións, unha actitude firme e comprometida co benestar de todos. Colabora nas actividades que favorecen o ben común ou que axuden a quen o precisa.

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo individual ou en pequeno grupo para afianzar os conceptos da unidade.
- Desenvolvemento de habilidades de expresión oral e escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías da unidade.
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.

5. – RECURSOS.

Cadernos complementarios.

Libros de texto.

Fichas.

Cadernos.

Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica.

Calquera outro recurso ou material que cada titora considere axeitado en cada unidade.

A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados si a titora o considera oportuno e relevante.

- <http://anayadigital.es>
- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

UNIDADE 6

1.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Utilizar as palabras antes, agora e despois para situar temporalmente acontecementos.
- Recordar as unidades temporais de medida que se utilizan nos calendarios e sinalar datas concretas sobre eles.
- Identificar as estacións do ano e as súas características principais.
- Coñecer a árbore xenealóxica e a liña do tempo como organizadores gráficos.
- Empregar os tempos pasado, presente e futuro.
- Recoñecer os museos como lugares con evidencias da historia que hai que axudar a conservar.
- Realizar as tarefas con autonomía na planificación, tendo iniciativa na toma de decisións.
- Utilizar o vocabulario con precisión para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada sobre os temas tratados.

2.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACION	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Bloque 1: CONTIDOS COMÚNS B1.1. O establecemento de conxecturas e de predicións, e a observación e a experimentación, como procesos básicos que favorecen a iniciación ao coñecemento científico. B1.4. Planificación, xestión e presentación dos traballos co fin de conseguir obxectivos B1.9. Utilización da terminoloxía propia da área	Realizar traballos en relación aos contidos do área	Realiza traballos en relación aos contidos da área con corrección.
	Traballar en equipo e mostrar un comportamento de respecto e tolerancia cara ás contribucións alleas.	Participa en actividades individuais e de grupo mostrando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
	Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Identifica a terminoloxía propia da área.
Bloque 4. AS PEGADAS DO TEMPO B4.1. Uso e medidas do tempo. Nocións básicas: antes, despois, día, mes. O paso do tempo: liña do tempo da súa historia persoal. Árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia. B4.2. Sistemas de medida do tempo. O día, a semana, os meses e o ano. O	Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando métodos sinxelos de observación e as	Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal empregando as unidades de medida do tempo máis básicas.

<p>calendario como instrumento de medida do tempo. Creación dun calendario anual propio establecendo os horarios das xornadas escolares, as semanas, os meses, as estacións do ano, e situando os aniversarios e os acontecementos máis importantes.</p>	<p>unidades de medida temporais básicas.</p>	
	<p>Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.</p>	<p>Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.</p>
	<p>Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo</p>	<p>Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.</p>

3.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Respecta as normas básicas de comunicación nas diversas situacións que se crean na aula.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Manexar a linguaxe matemática con precisión.	Sabe expresar con claridade e precisión datos e informacións.
<i>Aprender a aprender.</i>	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.	Esfórzase e persevera na aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades e interese.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os erros na tarefa e esfórzase por superar as dificultades.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.	Respecta as opinións alleas.
	<i>Educación en valores: A solidariedade.</i>	Expresa con palabras e accións, unha actitude firme e comprometida co benestar de todos. Colabora nas actividades

		que favorecen o ben común ou que axuden a quen o precisa.
--	--	---

3.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende frases e textos breves coas letras traballadas.
	Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás.	Escribe textos sinxelos ampliando frases para distintas situacións comunicativas.
<i>Competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.	Emprega os medios tecnolóxicos para buscar información.
<i>Aprender a aprender.</i>	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, creativo, emocional.	Participa en actividades de traballo cooperativo: caixa-abecedario, propostas de traballo en grupo, xogos tradicionais, etc.
<i>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor</i>	Comunicar o entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar os obxectivos.	Planifica tarefas de forma autónoma e ten iniciativa na toma de decisións.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais nas situacións de convivencia e traballo.	Coñece as normas de convivencia para a vida na localidade.
	<i>Educación en valores: A autoestima.</i>	Recoñece de forma obxectiva as virtudes e os defectos que nos caracterizan. Ten seguridade en si mesmo e mantén as opinións.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Aprender e recoñecer cancións para celebracións e xogos, propios do patrimonio popular galego.	Descubre e xoga coas cantigas e lendas tradicionais. Aprende algún retrouso, xogo ou encadeado para aumentar a bagaxe cultural e recoñecer o patrimonio oral

		da lingua galega.
--	--	-------------------

4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Dramatización de situacións cotiás.
- Desenvolvemento de habilidades de expresión oral e escrita mediante a aprendizaxe de xogos, dramatizacións, cancións e poesías da unidade.
- Emprego e fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.
- Utilización de diferentes fontes de información para obter información relevante sobre os contidos da unidade.

5. – RECURSOS.

Cadernos complementarios.

Libros de texto.

Fichas.

Cadernos.

Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica.

Calquera outro recurso ou material que cada titora considere axeitado en cada unidade.

A continuación recóllense algúns enlaces web de interese que poderán ser empregados si a titora o considera oportuno e relevante

- <http://anayadigital.es>
- <http://diadelapaz.blogia.com> Nesta web podemos atopar, entre outros recursos, información sobre personaxes relevantes para a celebración do Día da Paz.
- <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>

EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

OBXECTIVOS DE COMPETENCIAS CLAVE:

- 1.- Coñecer, valorar e desfrutar do contorno natural, social e cultural e as interaccións entre eles, así como as posibilidades de defensa, mellora e conservación del.
- 2.- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.
- 3.- Coñecer, comprender, valorar e respectar as diferentes culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.
- 4.- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- 5.- Utilizar estratexias persoais e variadas para obter, seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.
- 6.- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- 7.- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o do resto das persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- 8.- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona. Fomentar a práctica e o respecto de normas cívicas e de aspectos de educación viaria, asumindo comportamentos que incidan na vida saudable, no consumo responsable, na seguridade e na prevención dos accidentes de tráfico.
- 9.- Desenvolver as capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas relacións co resto das persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- 10.- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a actuar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

OBXECTIVOS DA ÁREA DE PLÁSTICA

1. Manipular programas informáticos para elaborar debuxos simples.
2. Traballar a imaxe fotográfica buscando a realidade representada nela.
3. Coñecer os diferentes tipos de liñas e representalas.
4. Coñecer e representar as figuras xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo).
5. Xerar series de composicións modulares sinxelas.
6. Encontrar no seu contorno próximas representacións de simetrías.
7. Identificar o punto como elemento esencial da forma en diferentes producións.

8. Situar no espazo do soporte facilitado as creacións propias.
9. Coñecer diferentes tons e xerar variacións de luminosidade nestes.
10. Identificar representacións planas e de volume das formas.
11. Gozar realizando creacións artísticas propias.
12. Aceptar as críticas aos produtos propios e aprender a valorar os dos outros.
13. Mostrar confianza nas propias capacidades creativas.
14. Gozar das propias obras feitas de forma individual ou en grupo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

(indicación dos mínimos para avaliación positiva e % na cualificación)

- Ten interese polo coñecemento dos materiais.
- Experimenta con técnicas e materiais.
- Coñece diferentes códigos artísticos.
- Explora cos materiais cromáticos e goza cos resultados obtidos.
- Intercambia información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- Representa formas presentes no espazo natural.
- Segue normas e instrucións.
- Indaga e planifica procesos. Coida e conserva os materiais.
- Respecta outras formas de pensamento e expresión.
- Utiliza os espazos de modo axeitado.
- Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- Esforzarse por acadar resultados orixinais.
- Describir procesos de traballo.
- Elección de recursos e revisión constante do realizado en cada fase.
- Busca de formas innovadoras.
- Adquirir capacidade de realización autónoma.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE:

- Observación sistemática e rexistro do traballo e actitudes dos alumnos.
- Revisión dos traballos feitos polos alumnos.
- Rúbricas e dianas de avaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Expresión artística (30%)
- Participación activa en proxectos e obradoiros realizados (10%)
- Interese e esforzo pola aprendizaxe, actitude colaboradora e coidado do material (10%)
- Traballo de aula (50%)

BLOQUE I

1.- TEMPORALIZACIÓN.

1º trimestre.

2.- OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.

- Coñecer a composición da figura humana e a expresividade dos xestos.
- Apreciar o autorretrato e a fotografía como unha composición artística.
- Distinguir a clasificación básica das cores: as primarias.
- Realizar composicións baseadas no deseño creativo.
- Manexar as formas xeométricas na composición.
- Integrar os elementos da natureza na composición plástica.
- Aproveitar o material reciclable e recrear elementos do contorno.

3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none">• Elaboración da figura humana.• Identificación mediante o autorretrato.• Estampados con material reciclable.• Experimentación das posibilidades expresivas do trazo con intencionalidade.• Exploración das liñas que delimitan os contornos e do espazo que delimitan as formas abertas e as pechadas.	1. Completar a figura humana utilizando os coñecementos aprendidos.	1.1. Elabora a figura humana.
	2. Realizar a lectura das imaxes de forma autónoma.	2.1. Observa un autorretrato e tómao como modelo para crear o seu propio.
	3. Elaborar obras plásticas sinxelas coas técnicas utilizadas en clase (colaxe fotográfica, estampados, cuños...).	3.1. Usa e experimenta a técnica da estampación. 3.2. Elabora unha colaxe fotográfica utilizando a fotografía. 3.3. Constrúe unha figura con pezas acuñadas.

<ul style="list-style-type: none"> • Composición dunha imaxe mediante a fotografía. • Observación de diferentes maneiras de representar a fotografía. • Experimentación con distintos tipos de liñas: curva, recta, horizontal e ondulada. • Descrición das imaxes presentes nunha paisaxe outonal. • Exploración sensorial das calidades e as posibilidades dos materiais. • Elaboración do traballo individual, explorando as posibilidades dos materiais e os instrumentos. • Manipulación dos obxectos cotiáns. • Interese por usar de forma adecuada os materiais e os espazos. • Construción dunha figura tridimensional. 	4. Identificar as liñas.	4.1. Identifica os diferentes tipos de liñas (aberta e pechada, curva, recta, horizontal e ondulada), e experimenta con elas para crear e completar debuxos.
	5. Recoñecer un medio natural representado: a paisaxe outonal.	5.1. Describe o medio natural, utilizando o vocabulario apropiado. 5.2. Recorta e pega para crear unha paisaxe outonal.
	6. Utilizar as cores primarias e a súa clasificación.	6.1. Identifica e usa as cores primarias.
	7. Completar debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.	7.1. Completa figuras aplicando os coñecementos aprendidos.
	8. Recoñecer as formas básicas.	8.1. Distingue as figuras xeométricas básicas.
	9. Utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes.	9.1. Usa e experimenta con diferentes tipos de materiais para crear as súas propias obras plásticas.
	10. Respetar os materiais, os utensilios e os espazos.	10.1. Coida o material e respecta as normas da aula.

4.- COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS.

COMPETENCIA	DESCRITOR	DESEMPEÑO
<i>Comunicación lingüística.</i>	Compoñer distintos tipos	Comprende a mensaxe visual e

	de textos creativamente con sentido literario.	exprésaa por medio de palabras. Comenta os referentes cotiáns presentes nos modelos e opina sobre os dereitos e os costumes sociais.
	<i>Plan lector:</i> Gozar coa lectura.	Lectura comprensiva das ordes de traballo das actividades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.	Aplica os coñecementos aprendidos ao manexar as formas xeométricas con carácter creativo.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Coñece as ferramentas de debuxo e pintura e as iconas do ordenador.
<i>Aprender a aprender.</i>	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.	Asimila o proceso de creación das actividades propostas para futuras experiencias similares.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Relaciona as actividades de creación plástica coa expresión das emocións e en relación co mundo exterior e interior.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos de participación establecidos.	Adquire unha conciencia social e cívica ao realizar actividades sobre os costumes alimentarios, o medio natural e os dereitos fundamentais.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Aprende a ter autoestima, a respectar e valorar os traballos alleos, a coidar o medio, a ter hábitos saudables, e a compartir ideas creativas.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os	Valora a creación plástica como medio de expresión. Aprende a

	coñecementos previos do tema.	xuntar coñecemento e entretemento, apreciando a súa utilidade.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coñece e valora o patrimonio cultural. Aprecia a estética das artes visuais. Identifica a creación plástica como medio de expresión e enriquecemento cultural.

5.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS.

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

